




Concello de Soutomaior
Rúa Alexandre Bóveda nº 8
36691 - Soutomaior - Pontevedra



SOUTOMAIOR

Reservado selos internos

SOLICITUDE DE ALTA NO SERVIZO DE INTERNET

SOLICITANTE

Nome e apelidos ou razón social		DNI/CIF	
Enderezo: / Rúa / Número		Teléfono : Fixo / Móvil	
Data de Nacemento	Parroquia	Código postal	E-mail

Solicita:

Unha IP persoalizada, e a clave de acceso privada para conectarse a rede wifi de Soutomaior

CONDICIÓN XERAIS DE ACCESO GRATUÍTO A INTERNET A TRAVÉS DE TECNOLOXÍA WIFI.

1. ESTAS CONDICIÓN XERAIS E A SÚA ACEPTACIÓN

Estas condicións xerais (en diante, as "**Condicións Xerais**") regulan o contrato establecido entre o CONCELLO DE SOUTOMAIOR, con domicilio en R/ Alexandre Bóveda, nº8-CP 36691 Soutomaior -Pontevedra, e con enderezo de correo electrónico **wifi@soutomaior.com**, (en diante, SOUTOMAIOR WIRELESS) e vostede. (en diante, o "**Contrato**") relativo á prestación dos seguintes servizos (en diante, os "**Servizos**" comercialmente denominado "**SOUTOMAIOR WIRELESS**"): o servizo de acceso a Internet a través da Rede Sen Fíos Municipal ("**WIFI**") (en diante, o "**O Servizo de Acceso Gratuito**").

A instalación do acceso ó servizo de Acceso Gratuito atribúe a condición de usuario/a dos Servizos (en diante, o/a "**Usuario/a**") e expresa a aceptación plena e sen reservas do/a usuario/a de todas e cada unha das Condicións Xerais na versión publicada por SOUTOMAIOR WIRELESS no momento mesmo no que o/a Usuario/a Instale a conexión ó servizo de Acceso Gratuito.

1.1 Modificacións e cancelación dos Servizos

As características dos servizos poderanse ver modificadas coa finalidade de adaptalos á evolución técnica, podendo introducirse variantes nestes así como calquera mellora técnica que permita incorporar un maior número de prestacións en aras de mellor sa do Servizos. Así mesmo, SOUTOMAIOR WIRELESS poderá cancelar e/ou modificar en calquera momento as presentes Condicións Xerais ou calquera dos servizos, agás esixir un prezo pola súa prestación mentras non exista un imperativo legal. SOUTOMAIOR WIRELESS comunicará a cancelación ou modificación cun prazo de quince (15) días de antelación respecto do día en que deba ser efectiva a modificación ou cancelación. O/a Usuario/a que non desexe aceptar as novas Condicións Xerais poderá dar por terminado o Contrato mediante o envío dunha carta dirixida ó enderezo antes sinalado.

2. OBXECTO

As Condicións Xerais teñen por obxecto a prestación dos servizos por SOUTOMAIOR WIRELESS ó/a Usuario/a e a utilización dos servizos polo/a Usuario/a/a. SOUTOMAIOR WIRELESS resérvase o dereito a modificar unilateralmente, en calquera momento, a prestación e configuración do servizo.

3. SERVIZOS

3.1 Servizo de Acceso Gratuito

O Servizo de Acceso Gratuito é un Servizo gratuito de acceso a Internet a través de REDE SEN FÍOS DE TECNOLOXÍA WIFI.

3.2 Servizos complementarios

Na actualidade non se prestan máis Servizos complementarios que o que especificamente se entende por acceso a Internet. Non se permitirá a descarga de ningún produto suxeito a dereitos de autor de xeito fraudulento. En todo caso, de darse o feito, o responsable será o/a usuario/a registrado/a.

4. CONDICIÓN DE ACCESO ÓS SERVIZOS

4.1 Carácter gratuíto dos Servizos

A prestación dos Servizos por parte de SOUTOMAIOR WIRELESS ten carácter gratuíto, ser perxuízo do custo da TARXETA WIFI de telecomunicación que deba ser empregada polo/a Usuario/a como requisito para acceder ós Servizos, no seu caso.

4.2 Condicións de alta no SERVIZO

Para a utilización dos Servizos requírese que o/a Usuario/a se atope dado de alta no PADRÓN DE HABITANTES DO CONCELLO DE SOUTOMAIOR e ademais, que se registre como Usuario/a do Servizo cubrindo o presente Formulario de Rexistro.

NO CASO DE QUE O/A USUARIO/A FOSE MENOR DE IDADE, CORRESPÓNDELLES ÓS SEUS PAIS OU TITORES COMPLETAR E ENTREGAR O FORMULARIO DE REXISTRO PERSONALMENTE.

4.3 Claves de Acceso

4.3.1. Claves de Acceso

De acordo cas características técnicas dos Servizos en cada momento, SOUTOMAIOR WIRELESS poderá esixirlle ó/a Usuario/a o emprego dun código de Usuario (login) e un contrasinal (password), así como unha dirección IP para utilizar os Servizos (en diante, as "**Claves de Acceso**").

4.3.2. Uso e custodia

O/a Usuario/a comprométese a non facer públicas estas claves e considéranse persoais e intranferibles. Non obstante, SOUTOMAIOR WIRELESS poderá unilateralmente, en calquera momento e sen necesidade de aviso previo, modificar, suspender ou revocar as Claves de Acceso inicialmente asignadas co fin de unificar as diversas claves de acceso de que dispón o/a Usuario/a nos distintos servizos ofrecidos por SOUTOMAIOR WIRELESS, procedendo a comunicarllo a posteriori ó Usuario.

O/a Usuario/a comprométese a facer un uso dilixente das Claves de Acceso e a manter en segredo as súas Claves de Acceso. O/a Usuario/a comprométese a comunicarlle a SOUTOMAIOR WIRELESS a perda ou roubo das Claves de Acceso no menor prazo de tempo posible, co fin de que SOUTOMAIOR WIRELESS desactive as devanditas Claves de Acceso.

(Sinatura)

Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Soutomaior

Soutomaior, a